

ALGUNHAS CUESTIÓNS DE REPASO DO VERBO

DEFINICIÓ: Semanticamente, é una palabra que permite concibir a realidade como unha acción, un proceso ou un estado que se atribúe a un suxeito. Morfoloxicamente, consta de TEMA (radical e vogal temática) e MORFEMAS FLEXIVOS (tempo, modo, aspecto, número, persoa). Sintacticamente, é o núcleo do Predicado.

Desde o punto de vista formal, falamos de:

1ª conxugación / 2ª conxugación / 3ª conxugación

Regulares / Irregulares / Semirregulares ou con alternancia vocálica

A VOGAL TEMÁTICA

A (1ª CONX.) / E (2ª CONX.) / i (3ª CONX.) Caso especial: PÓR

Entre os verbos da CII e os da CIII, nalgúns persoas dalgúns tempos, desaparece a VT. Prodúcese neses casos o que se coñece como neutralización, unhas veces en favor da VT -e- da CII (nas P2, P3 e P6 do presente de indicativo e na P2 do imperativo) e outras veces a favor da VT -i- da CIII (en todas as persoas do copretérito e nas P1 e P2 do pretérito de indicativo). No pretérito de indicativo, a VT dos verbos da CI presenta os alomorfos -e- e -o- na P1 e na P3 respectivamente.

O MORFEMA MODO-TEMPORAL

INDICATIVO:

Algúns verbos carecen de morfema modo-temporal: ANDAMOS / COMEMOS...
(PRESENTE Ind. / PRETÉRITO Ind.)

- COPRETÉRITO: BA (1ª conx.) / A (2ª e 3ª conx.)

- ANTEPRETÉRITO: RA

- FUTURO: RE / RA

- POSPRETÉRITO: RÍA

SUBXUNTIVO:

- O MMT do PRESENTE é E (1ª conx.) e A (2ª e 3ª conx.)

- PRETÉRITO: SE

- FUTURO: R

O MORFEMA NÚMERO-PERSOAL

P1- -θ (Con algún alomorfo: -I (PTO. e FUTURO) / -N(PTO.)

P2- -S (Alomorfos: -CHES (PTO.) / -θ (IMPERATIVO))

P3- -θ (Con algún alomorfo: -U (PTO.)

P4 -MOS

P5 -DES (Con algún alomorfo: -STES (PTO.) / -de (imperativo)

P6 -N (Co alomorfo -RON (PTO.))

O INFINITIVO

Expresa unha acción na súa esencia: estudar. En galego hai dúas formas de infinitivo:

- O infinitivo non persoal. Ademais do seu uso en perífrases, desempeña as funcións dun substantivo; como verbo, pode levar suxeito e complementos: Gústame ler libros de misterio polas noites. CD CC

- **O infinitivo persoal ou conxugado**, característico do galego e do portugués, ten morfemas de número e persoa para marcar a concordancia co suxeito: cantar, cantares, cantar, cantarmos, cantardes, cantaren.

Non se usa:

- Cando o infinitivo forma parte dunha perífrase verbal: *Tedes que chegar antes.*

- Cando o infinitivo depende dun verbo modal (querer, poder, deber...), dun verbo de sentido (ver, oír, sentir...) ou dun verbo causativo (deixar, permitir, prohibir...): Os nenos queren durmir. Hoxe non podes saír. Oívos chegar ás cinco.

Uso aconsellable

- Cando o infinitivo ten o mesmo suxeito ca o verbo principal, pero vai situado antes ca este, normalmente precedido de preposición: *Para chegares aquí tiveches que viaxar toda a noite.*

- Cando o infinitivo ten un suxeito diferente do verbo principal: *Xa lles estrañaba non viren as súas irmás.*

XERUNDIO: indica a acción no seu proceso: estudando

PARTICIOPIO: indica a acción rematada: estudado

PERÍFRASES VERBAIS

Non sempre que aparecen dúas formas verbais consecutivas constitúen perífrase; só cando funcionan en conxunto como núcleo dun único predicado. Así, por exemplo, nunha oración como *Quixo deixarllo todo ao fillo*, non hai perífrase, senón unha oración complexa cunha subordinada substantiva de infinitivo.

Unha perífrase é un complexo verbal formado por un verbo auxiliar ou conxugado e mais un infinitivo, xerundio ou participio, ás veces unidos por unha preposición ou pola conxunción *que*. Para que exista perífrase, o complexo verbal ha de cumprir dúas condicións:

1. Ter significación conxunta: a forma nominal achega o valor léxico, e o auxiliar, os valores de tempo, modo, número, persoa, aspecto e voz.
2. Ter unidade sintáctica. Por exemplo, *Xiana quere ser escritora* non constitúe perífrase (ser escritora é CD de quere), mentres que *Xiana está escribindo un conto* si é unha perífrase, xa que as dúas formas verbais funcionan como predicado da oración.

Segundo a súa significación, as perífrases poden ser modais, temporais ou aspectuais.

Perífrases temporais

- Indican futuro:

- Ir + infinitivo: Vou comprar o xornal.

- Haber (de) + infinitivo: Heite chamar mañá.

Co auxiliar en pasado, indica que a acción estivo a punto de suceder, pero non chegou a realizarse: O chan está mollado e houbos de esvarar.

Perífrases modais

- Expresan obrigación: – Haber (de) + infinitivo: Has de darte présa.

- Haber (en forma impersonal) que + infinitivo: Hai que limpar o cuarto. – Ter que + infinitivo: Temos que correr máis.

- Deber (de) + infinitivo: Debo pedirlle desculpas.

- Expresan probabilidade ou dúbida: – Haber (de) + infinitivo: Han de ser elas.

- Deber (de) + infinitivo: Deben de ser as sete.

Perífrases aspectuais

- Imperfectivas. Indica unha acción que se está desenvolvendo.

- Estar + xerundio / estar a + infinitivo: Estas mozas están pintando na rúa. Estas mozas están a pintar na rúa. – Andar + xerundio / andar a + infinitivo: Xosé anda xogando no patio. Xosé anda a xogar no patio.

- Perfectivas. Indican unha acción como un proceso xa rematado.

- Acabar de + infinitivo: Acabo de chegar.
- Dar + participio (en contextos negativos): Non dou aprendido a canción.
- Levar + participio: Xa levo andados dous quilómetros.
- Reiterativas. A acción preséntase como realizada varias veces.
- Ter + participio: Téñocho dito moitas veces.
- Volver (a) + infinitivo: Xa volven saír xuntos.
- Incoativas. Presentan a acción no momento de comezar.
- Botar(se) a + infinitivo: De súpeto, botou a correr.
- Poñer(se)/pór(se) a + infinitivo: Levantouse da cama e púxose a bailar.
- Comezar a + infinitivo: Comezou a nevar.
- Dar en + infinitivo: Cando oíu a historia, deu en rir.
- Terminativas. Indican unha acción no final do seu proceso.
- Chegar a + infinitivo: Chegou a ser unha famosa avogada.
- Acabar por + infinitivo: Acabou por dedicarse á carreira judicial

A voz pasiva non ten en galego morfemas específicos; exprésase normalmente mediante a forma perifrástica *ser + participio*. A obra foi feita con moito esmero.

Verbos regulares

Son aqueles nos que o lexema permanece inalterable en todos os tempos do paradigma. Algunhas observacións

- Os verbos rematados en -cer/-cir son regulares: agradecer, coñecer, crecer, obedecer, nacer, conducir, producir, traducir... – Presente indicativo: obedezo, conduzo... – Presente subxuntivo: obedeza, conduza... – Pretérito indicativo: obedecín, conducín... Son unha excepción os verbos facer e dicir, que son irregulares.
- Os verbos rematados en -uír son regulares: concluír, construír, destruír, destituír, contribuír, substituír, argüír, recluír... – Presente indicativo: inclúo, contribúo... – Presente subxuntivo: inclúa, contribúa... – Imperativo: inclúe, contribúe...

As alternancias vocálicas

En certos verbos regulares prodúcese unha alternancia na vogal do radical nalgúns tempos e persoas, sendo os restantes completamente regulares:

durmo – dormes – dorme – durmimos – durmides – dormen

sinto – sentes – sente – sentimos – sentides – senten

Verbos irregulares

Son os que presentan algunha variación no lexema ou raíz. Principais irregularidades:

- Se a P1 do presente de indicativo é irregular, tamén o será todo o presente de subxuntivo: eu vexo, ti ves... → eu vexa, ti vexas ...; eu veño, ti vés.. → eu veña, ti veñas...; eu vallo, ti vales... → eu valla, ti vallas...
- Case todos os verbos irregulares teñen dous temas: o de presente e o de pretérito.
 - O tema de presente corresponde aos seguintes tempos: presente, copretérito, futuro e pospretérito de indicativo; imperativo; presente de subxuntivo.
 - O tema de pretérito corresponde aos seguintes tempos: pretérito e antepretérito de indicativo; pretérito e futuro de subxuntivo.

Exemplo, o verbo estar: Tema de presente: est- // Tema de pretérito: estiv-

presente: estou /copretérito: estaba /futuro: estarei/ pospretérito: estaría /presente de subxuntivo: estea /imperativo: está

pretérito: estiven/ antepretérito: estivera/ pretérito de subxuntivo: estivese/ futuro de subxuntivo: estiver